

# EXPOSICIÓN

Inauguración o venres 3 de abril de 2009, ás 20.30 h,  
na Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago”  
dos Muíños de Acea de Ama  
(O Burgo – Culleredo).  
Do 3 de abril ao 2 de maio de 2009.

## HORARIO

Luns a venres: de 18:00 a 21:00 h.

Sábados: de 12:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 h



## RICARDO RILO

## Presentación

A Sala de Exposicións “Xosé Rey Lago” dos Muíños de Acea de Ama acolle unha exposición do pintor, ilustrador e gravador Ricardo Rilo.

É Rilo un creador máis desa pléiade de artistas que desenvolven o seu traballo na comarca das Mariñas coruñesas; un artista que se move con soltura entre a figuración e a abstracción.

Estamos seguros de que as persoas amantes da Arte que se acheguen á Sala disfrutarán con esta exposición.

Quedan convidados.

Celestino Poza Domínguez  
Concelleiro de Cultura

## Datos biográficos

Ricardo Pérez Rilo reside en Oleiros, onde ten un taller de gravado en Santa Cruz. Imparte clases de pintura e gravado. Membro da Asociación de Artistas Plásticos de Galicia (ARGA), ten ilustrado libros infantís e xuvenís para editoriais como Edicións do Cumio ou Edicións Xerais de Galicia. Realizou no Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC) de Betanzos os Másters de Grabado Calcográfico, Grabado Xilográfico e Técnicas Aditivas.

Participou no “I Diálogo de Pintura e Poesía de Culleredo” (2008), na Feira de Artes Plásticas de ARGA (A Coruña, 2008) e no III Encontro coa Arte do Concello de Brión (2008).

Ao longo da súa traxectoria ten realizado exposicións individuais, ou participado en colectivas, en Caixa Galicia (Ferrol), “Modus Vivendi” (Santiago), Galería “Universo” (Pontevedra), Galería “Jaime Trigo” (Pontevedra), Galería “Carteles” (Ferrol), Casa da Cultura (Noia), Hotel Atlántico (A Coruña), “Casa do Libro” (Vigo), Centro Comarcal (Viveiro), Galería “Durán” (Madrid), Galería “María Balteira” (Santiago), Galería “M.C.” (Santiago) ou Galería “Bomob” (A Coruña).

## Últimas exposicións:

**2006:** Galería “Be I Truth”; Galería “Coarte” (A Coruña); colectiva Galería “M.C.” (Santiago); Galería “Kosovelov Dom. Sezana” (Eslovenia); Galerija “Muzej Velenje” (Eslovenia); Galerija “Idrija” (Eslovenia); Galerija “Sivceva Hisa” (Eslovenia).

**2007:** Casa “Charry” (Oleiros); “Ateneo Ferrolán” (Ferrol); colectiva de grabado, Galería “C.I.E.C.” (Betanzos).

**2008:** Club do Mar de San Amaro (A Coruña); Galería “Petronio Arte” (Santiago); colectiva *Grandes artistas, pequeno formato*, Galería “Galyarte” (Santiago); colectiva *5 propostas*, Sala da Asociación de Artistas Plásticos Galegos (Santiago).

